

**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E
OUTRAS DEMENCIAS.
- AFAL-FERROLTERRA -**

**CAPÍTULO PRIMEIRO
DA ASOCIACIÓN EN XERAL.**

Artigo 1º.- Procédese a adaptar os Estatutos da Asociación denominada "ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS, AFAL-FERROLTERRA", con nº de inscrición no Rexisto Central/Provincial de asociacións se ánimo de lucro 4.709 e CIF: G 15620628.

2º.- A Asociación rexerese polos presentes Estatutos, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora de Dereito de asociación e pola demais legislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

3º.- Contituída na Cidade de Ferrol co nome de "Asociación de Familiares de Enfermos De Alzheimer e outras Demencias, Afal-Ferrolterra", sen ánimo de lucro dotada de personalidade xurídica e capacidade plena de obrar de acordo co establecido na Legislación vixente.

Artigo 2º.- Son fins principais da Asociación:

- a.- A asociación terá como fin a mellora da calidade de vida dos enfermos de alzheimer e outras demencias, e as súas familias.
- b.- A sensibilización da sociedade e dos profesionais e sociais acerca da dimensión e impacto socio-familiar da enfermidade de Alzheimer.
- c.- Facilitar o acceso das familias e da rede social, á información, orientación e asesoramento de todos os aspectos médicos, legais, psicolóxicos e sociais relacionados coa enfermidade de Alzheimer.
- d.- Promover recursos socio-sanitarios que favorezan a autonomía persoal e funcional do enfermo e da súa familia.
- e.- Apoiar e axudar ós familiares.
- f.- Facilitar o encontro e intercambio de experiencias entre as familias.
- g.- Difundir a necesidade dun diagnóstico preciso.
- h.- Representar e defender os intereses dos enfermos e das súas familias.

Artigo 3º.- Para levar a cabo os seus fins, poderá a Asociación organizar as seguintes actividades:

- a.- Actividades destinadas ós enfermos de alzheimer e outras demencias.
- b.- Actividades destinadas ós cuidadores.
- c.- Actividades destinadas as familias dos enfermos.

d.- Actividades destinadas á sociedade.

Como Asociación se ánimo de lucro destinarase ós devanditos fins polo menos o setenta por cento das rendas netas e outros ingresos que se obterían por calquera concepto exceptuándose as aportación efectuadas en concepto de dotación patrimonial. Os asociados e familiares non serán os principais destinatarios das actividades realizadas pola Asociación.

Artigo 4º.- O domicilio social e principal da Asociación radicará na localidade de Ferrol, rúa Río Castro, nº 43-45, baixo, C.P. 15404, teléfono 981-37.06.92, correo electrónico afalferrolterra@afalferrolterra.com.

Poderanse utilizar outros locais asociativos adicionais noutras cidades, mediante acordo da Xunta Directiva, que terá atribucións para cambiar, tanto o domicilio como os locais, dando conta do seu acordo ó Oraganismo encagado do Rexistro de Asociacións. Para os efectos de comunicacións e notificacións sinálanse como preferentes as seguintes direccións:

Domicilio: Rúa Río Castro, nº 43-45, Bajo. Localidade Ferrol. C.P: 15404.

Teléfono 1: 981-37.06.92

Teléfono 2: 981-93.18.30

Fax: 981-93.18.30

Correo Electrónico: afalferrolterra@afalferrolterra.com

Artigo 5º.- A Asociación en funcións dos seus fins e de asentamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial de Ferrol e Comarca.

Artigo 6º.-

1. A duración desta Asociación é de carácter indefinido e só se disolverá, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asocidos expresada en Asamblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na legislación vixente.
2. A Asociación rexerese segundo os principios democráticos contados no marco da Constitución e o resto do ordenamento Xurídico.

CAPÍTULO SEGUNDO Dos Órganos Da Asociación

Artigo 7º.- A dirección e Administración da Asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral.

SECCIÓN PRIMEIRA – DA ASAMBLEA XERAL

Artigo 8º.- A Asamblea Xeral de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da Asociación e estará formada por todos os integrantes da mesma. O Presidente e o Secretario da Asamblea seán os mesmos que os da Xunta Directiva.

Artigo 9º.- A Asamblea Xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano, e con carácter extraordinario cantas veces acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos socios. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ó Presidente, autorizando coas firmas dos solicitantes, no que se exporía o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 10º.- A Asamblea Xeral ordinaria reunirse necesariamente dentro do seis primeiros meses de cada ano. Tanto a Asamblea ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación por o/a presidente/a da Xunta Directiva. A notificación farase nos locais da Asociación para as Assembleas Ordinarias e no domicilio dos asociados para as Assembleas Extraordinarias.

Artigo 11º.- Serán competencias da Asamblea Xeral Ordinaria:

1. Aprobar a acta da reunión anterior
2. Aprobar el plan de actividades.
3. Examinar y aprobar a memoria de actividades.
4. Examinar y aprobar contas e balances do exercicio anterior.
5. Aprobar os presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
6. Exame e aprobación das contas.

Artigo 12º.- Serán competencias da Asamblea Xeral Extraordinaria:

1. Modificar os Estatutos da Asociación.
2. Elexir os integrantes da Xunta Directiva.
3. Aprobar a federación con outras Asociacións.
4. Autorizar o alleamento, gravamen e hipoteca de bens sociais, cando o seu importe supere os 5.000 €
5. Acordar a disolución da Asociación.
6. Designar os/as liquidadores/as.
7. Ratificar a expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva.
8. Solicitar a declaración de utilidade pública da Asociación.
9. Aprobar o regulamento de réxime interno da Asociación.
10. As que sendo de competencia da asamblea ordinaria, por razóns de urgencia ou necesidade, non poidan esperar a súa convocatoria, sen grave prejuicio para a Asociación.
11. Todas as non conferidas expresamente á Asamblea Xeral ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 13º.- Para que as assembleas poidan tomar acordos, integraranse polos/as asociados/as asistentes, sempre que concurran a metade máis un do total na primeira convocatoria ou transcurrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes.

Artigo 14º.- Os acordos adoptados deberán ser polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos os apartados 1 ó 7 do artigo 12, que requirirán maioría de dous tercios. A continuación levaranse os acordos ó libro de Actas e asinará o/a presidente/a, o/a Secretario/a da Asamblea. A Acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asamblea Xeral e aprobada por maioría.

Artigo 15º.- Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a todos os/as, asociados/as, incluso ós/ás non asistentes.

As sesión se abrirán cando así o determine o Presidente. Seguidamente se procederá por parte do Secretario á lectura da Acta da Asamblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente o Secretario procederá a establecer a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose a aprobación nos termos contados nestes Estatutos, segundo a materia que se trate. Unha vez rematados todos os asuntos da orde do día se procederá, se a presidencia o considera oportuno ou o solicitan un 10% dos asociados inscritos no libro de membros, a facer unha quenda de rogos e preguntas e adopción de acordos, concluído o que se levantará a sesión por parte do Presidente.

Artigo 16º.- Os acordos que vaian contra destes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recurridos en reposición perante a Asamblea Xeral. A partir da resolución do Recurso de Reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a jurisdicción ordinaria.

SECCIÓN SEGUNDA – DA XUNTA DIRECTIVA

Artigo 17º.- A Xunta Directiva estará formada por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e tres vocais, cargos que deberán recaer en asociados/as que leven polo menos un ano na Asociación.

Artigo 18º.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, sen perxuízo do dereito ao reembolso dos gastos debidamente xustificadas; carecerán de interese económico nos resultados da actividade por se mesmos ou por persoa interposta; e se elixirán por la Asemblea Xeral de entre os socios de número para un mandato de catro anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

Os membros da Xunta Directiva terán plena capacidade de obrar e non estarán inhabilitados para o exercicio de cargo público.

Cada catro anos se renovará a Xunta Directiva na súa integridade. Para elo formaranse listas cerradas completas, cun candidato pra cada un dos postos da mesma. As candidaturas presentaranse ante a propia Xunta saínte cunha antelación mínima de quince días naturais a fecha prevista para as eleccións. Recibidas éstas, comprobarase

José Quintela

de incorren en algún tipo de defectos e se han sido presentadas en prazo. Se carecen de defectos e cumpriron o prazo, a Xunta Directiva as proclamará na mesma Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para a celebración das eleccións. Se polo contrario, apreciase algún defecto, a Asemblea debaterá e decidirá sobre a súa validez con carácter previo a votación.

O voto será segredo e depositarase na urna por medio dunha papeleta. Existirán papeletas separadas para cada candidatura, nas que constarán os nomes dos aspirantes xunto aos postos propostos para cada un deles. Comezada a fase de votación, os últimos en emitir o seu voto serán os membros da Xunta Directiva.

Tras a votación farase o escrutinio por dous dos socios presentes, extraendo el/la Presidente, unha a unha, as papeletas da urna informando do seu resultado. O Secretario dará fe de todo elo, levantando o acta correspondente.

Calquera reclamación ou protesta que se faga sobre o proceso de votación será resolta na mesma Asemblea por maioría.

Concluída a votación, e feito o recuento, el/la Presidente proclamará a os candidatos elixidos para cada posto. Co fin de que acepten os seus cargos, a Xunta Directiva reunirse no termo dos dez días seguintes a celebración da Asemblea Xeral en que houberen celebrado as eleccións.

En caso de falecemento, renuncia o cese por calquera circunstancia dalgún membro da Xunta Directiva, os postos que queden vacantes permanecerán sen cubrir hasta as seguintes eleccións. Nesta caso, o Presidente será substituído polo Vicepresidente e os demais membros da Xunta asumirán os cargos que queden vacantes por votación entre

todos. No caso de que dimita a metade máis un dos cargos da Xunta Directiva previstos nestes estatutos, haberán de celebrarse eleccións no prazo de dous meses, desde que se produza esta circunstancia

Artigo 19º.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva, poderán cesar do seu cargo antes da expiración do seu mandato polos seguintes motivos:

- 1- Dimisión.
- 2- Destitución acordada pola Asemblea Xeral validamente constituída.
- 3- Destitución acordada polo Presidente, previo acordo obtido por maioría dos membros presentes da Xunta Directiva convocada ao efecto.
- 4- Baixa como membro da Asociación.

Artigo 20º.- É función da Xunta directiva programar e dirixir as actividades asociativas e levar a xestión administrativa e económica da Asociación, someter a aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

Así mesmo procederá a convocar e fixar a data da Asemblea Xeral, fixar as cotas ordinarias e extraordinarias que se aproben, designar as comisións de traballo ou sección que se estimen oportunas para o bo funcionamento da Asociación, dictar normas interiores de organización e exercer cantas funcións estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.

Autorizar ordes de pago e a disposición dos fondos da Asociación.

Resolverá sobre a admisión ou baixa dos socios.

Xunta Directiva

Realizará as xestións que procedan, entre os organismos públicos ou entidades privadas, para a consecución de subvencións, donativos, ou calquera outro tipo de axuda.

Corresponderalle tamén todas aquelas outras actividades que lle sexan transferidas pola Asamblea.

Artigo 21º.- A Xunta directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o Presidente ou o Vicepresidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus componentes.

Como mínimo a Xunta Directiva deberá reunirse 1 vez cada 3 meses.

Será presidida polo Presidente e, na súa ausencia, polo Vicepresidente ou o Secretario, pos esta orde, e, a falta de ambos, polo membro da Xunta que taña máis idade.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concurrencia, plo menos, de seis dos seus membros. No caso de empate decidirá o voto do Presidente.

O Secretario ou, no seu defecto, o Vicepresidente levantará acta das sesións, que se transcribirá ó libro de actas.

Artigo 22º.- Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituir, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar das mesmas as informacións necesarias. Formarán parte, ademáis, das ditas comisións o número de vocais que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos presidentes.

Cando as necesidades o aconsellen, a Xunta Directiva poderá acordar que as comisións se desdobren en subcomisións.

Así mesmo sempre que a Xunta Directiva o considere conveniente, poderá nomear asuntos que sexan necesarios os seus servizos.

SECCIÓN TERCEIRA-DO PRESIDENTE, VICEPRESIDENTE, SECRETARIO, TESOUREIRO E VOCAIS

Artigo 23º.- O Presidente da Asociación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asamblea Xeral, presidindo as sesións que celebre unha e outra.

O Presidente será designado pola Asamblea Xeral entre socios que teñan polo menos 1 ano de antigüidade e o seu mandato durará 4 anos.

Ademáis das facultades consignadas, o Presidente terá as seguintes atribucións:

- a) Presidir e levantar as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e doutra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.
- b) Propoñer o plan de actividades da asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.

- c) Ordenar os pagamentos acordados validamente, así como a disposición dos fondos da Asociación e autorizar as operacións bancarias de forma mancomunada co tesoureiro.
- d) Representar á Asociación perante calquera organismo público ou privado.
- e) Firmar as actas, certificados, pago e outros documentos da Asociación xunto co Secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

O Presidente será asistido nas súas funcións por un Vicepresidente, que, ademais, substituiralle nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 24º.- Serán funcións do Secretario:

- a) Recibir e tramitar as solicitudes de ingreso.
- b) Levar o ficheiro e o libro rexistro dos asociados.
- c) Ter ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Entidade.
- d) Notificar as convocatorias e custodiar as actas.
- e) Levantar, redactar e firmar a acta das reunións dos órganos sociais, e expedir certificacións das mesmas co visto bo do Presidente.
- f) Custodiar a documentación da Asociación.
- g) Redactar a memoria anual, plan de actividades e documentos que sexan necesarios.
- h) Asistir a cantas reunións se convoquen.
- i) Cursar e tramitar os expedientes e certificacións que sexa necesario estender.
- j) Ó Secretario correspóndelle tamén levar o inventario dos bens da asociación nun libro establecido ó efecto.

Artigo 25º.- Serán funcións do Tesoureiro.

- a) Recadar e custodiar os fondos pertencentes á asociación.
- b) Dar cumprimento ás ordes de pagamento que espida o Presidente.
- c) Dirixir a contabilidade da Asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e gastos asociativos, participar en todas as operacións de orde económico.
- d) Gardará e levará os libros de contabilidade.
- e) Organizará o servizo de cobranza das cotas.
- f) Firmar recibos, cheques e documentos análogos, efectuar o pago de facturas aprobadas que terán que ser supervisadas necesariamente polo presidente.
- g) Elaboración do presuposto, balance e liquidación de contas.
- h) Presentar cantas veces lle sexa requerido pola Xunta Directiva, as situacións de fondos da Asociación.
- i) Asistir a cantas reunións se convoquen.
- j) O tesoureiro terá a obriga de proceder ó peche do exercicio orzamentario antes do 15 de decembro, co fin de que as contas están a disposición dos

membros da Asociación nos quince días anteriores á celebración da
Asamblea Ordinaria.

Artigo 26º.- Os vocais no número que determine a Asamblea Xeral terán as seguintes atribucións:

- a) Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
- b) Apoiar, asesorar e cooperar cos outros cargos da Xunta Directiva, en cantos asuntos sexan requeridos.
- c) Formar parte da comisións que oportunamente pódanse crear.
- d) Sustituir calquera vacante da Xunta Directiva.
- e) Asistir a cantas reunións se convoquen.
- f) Desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

CAPITULO TERCEIRO DOS SOCIOS

Artigo 27º.- Poderán ser integrantes da Asociación todas aquelas persoas interesadas físicas ou xurídicas, con plena capacidade de obrar ou tras o acordo do órgano competente da persoa xurídica, e previo acordo de admisión por parte da Xunta Directiva.

Adoptado o acordo sobre a admisión, a resolución comunicarase ao interesado/a polo Secretario da Asociación, farase entrega dun exemplar dos Estatutos e inscribirase no Libro de Socios.

Artigo 28º.- Dentro da Asociación poderán existir as seguintes clases de asociados:

- a) **Socios de Número:** serán socios exclusivamente todas aquelas persoas que sexan familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias, terán dereito a voz e voto na Asemblea Xeral e soamente eles poderán formar parte da Xunta Directiva. Os familiares de Enfermos e falecidos poderán seguir formando parte da Asociación mantendo a mesma consideración a estes efectos.
- b) **Socios Honorarios:** serán socios honorarios aquelas persoas que, a proposta da Xunta Directiva, sexan nomeados como tales pola Asemblea Xeral, en atención a méritos notables para coa Asociación. A Asemblea Xeral poderá revocar estes nomeamentos, a proposta da Xunta Directiva.

Poderá nomearse Presidente/a Honorífico da Asociación a aqueles que tendo sido Presidente/a da mesma, a xuízo da Asemblea Xeral reúna sobrados méritos por iso, tanto pola súa dedicación á Entidade como polos logros obtidos para esta.

- c) **Socio Colaborador:**, que e a persoa física ou xurídica que, nomeado a proposta da Xunta Directiva, coopera coa Asociación na súa actividade e fins, ben de forma económica, mediante o pago de algún dos tipos de cota que a Xunta estableza, ou ben mediante a prestación de todo tipo de servizos de forma

desinteresada. A Asemblea Xeral poderá revocar estes nomeamentos en calquera momento.

Artigo 29º.- Os socios e socias teñen os seguintes dereitos:

- a) **Os socios/as de número:** participar nas Asembleas Xerais con voz e voto, así como presentarse as eleccións a Xunta Directiva e formar parte desta se resultan elixidos; ter copia destes estatutos; ser informados sobre a composición da Xunta Directiva; recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación; facer suxestións a Xunta Directiva en materia propia da Asociación; coñecer o estado de contas, ingresos e gastos da Asociación, así como todo o relacionado co desenvolvemento da actividade social; aproveitarse de todas as vantaxes e beneficios que presta a entidade.
- b) **Os socios/as honorarios/as** poderán participar con voz nas Asembleas Xerais; tomar parte en tódalas actividades organizadas pola Asociación; e aproveitar tódalas vantaxes e beneficios que a entidade poda poñer ao seu favor.
- c) **O socio/a colaborador/a** poderá participar con voz na Asembleas Xerais; tomar parte en tódalas actividades organizadas pola Asociación; e aproveitar tódalas vantaxes e beneficios que a entidade poda poñer ao seu favor

Artigo 30º.- Son obrigas dos asociados e asociadas:

- 1- Prestar cantos servizos determinen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos das Asembleas Xerais.
- 2- Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.
- 3- Asistir as Asembleas Xerais.
- 4- Satisfacer as cotas que se establezan.
- 5- Observar unha boa conduta individual e cívica.
- 6- Cumplir os acordos da Asemblea Xeral e o contido dos Estatutos.

Artigo 31º.- Os socios e socias colaboradores e honorarios/as non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación da mesma, pero estarán facultados para asistir as asembleas xerais con voz pero sin voto

Artigo 32º.- Os acordos de admisión de asociados e asociadas tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición escrita da persoa que desexa ser admitida. No caso de menores de idade e persoas que actúen a través de representante, a solicitude deberá ser autorizada polo representante, pai ou tutor do solicitante e se acompañará unha acreditación da identidade do solicitante.

Artigo 33º.- A condición de socio titular perdese por:

- 1- Por vontade propia.
- 2- Pola falta de pago das cotas.
- 3- Pola realización de calquer acción ou conduta reprobable, contraria a Ley, a os estatutos ou a os acordos sociais, ou que sexa contraria aos intereses da Asociación, previa tramitación de expediente disciplinario.

Artigo 34º.- A expulsión de asociados e asociadas será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia do interesado/a. O acordo de expulsión deberá se ratificado pola Asamblea Xeral extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a Jurisdicción ordinaria.

Cando a baixa se produza por vontade dun/unha asociado/a, este/a deberá realizar unha petición escrita e procederá ó aboamento previo de todas as cotas que teña pendentes.

Artigo 35º.- Os asociados/as poderán pedir a separación temporal por escrito.

A Xunta Directiva poderá acordar a separación temporal dun asociado cando se esté tramitando un expediente sancionador, ou concurran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o atraso no pago dalgunha cota, ou comportamentos que afecten a boa marcha dalgún dos fins da Asociación. O expediente sancionador recollerase no Regulamento da Réxime Interno, pero en todo caso a Resolución poderase recorrer perante a Xurisdicción ordinaria.

CAPÍTULO CUARTO **RÉXIME ECONÓMICO**

Artigo 36º.- A Asociación no momento de iniciar as súas actividades non dispoñía de patrimonio. O peche do exercicio económico se data a 31 de decembro.

Artigo 37º.- A Asociación funcionará en réxime de presuposto anual. O borrador de presuposto será elaborado polo Tesoureiro da Asociación, que deberá telo preparado antes do un de Xaneiro de cada ano, a fin de que poda ser aprobado na Asamblea Xeral Ordinaria.

Artigo 38º.- A Asociación manterase dos seguintes recursos:

- 1- As cotas dos/as asociados/as.
- 2- As cotas extraordinarias que proponía a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asamblea.
- 3- As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- 4- Os ingresos que se pidan recibir polo desenvolvemento das actividades da Asociación.
- 5- Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 39º.- As cotas ordinarias acórdanse pola Asamblea Xeral ordinaria, a proposta da Xunta Directiva non sendo reintegrables en caso algún e dedicándose a atender as necesidades da Asociación.

Artigo 40º.- Anualmente con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos/das asociados/as, durante un prazo non inferior a 15 días ó sinalado para a celebración da Asamblea Xeral ordinaria, que o deberá aprobar ou censurar.

Artigo 41º.- Anualmente no tempo que establece o artigo 10 será aprobado pola Asamblea Xeral ordinaria.

Artigo 42º.- Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositado os mesmos, terán recoñecidas as asinaturas na entidade bancaria correspondente o Presidente e o Tesoureiro, para a utilización conxunta deles.

Artigo 43º.- Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as asociados/as os recursos obtidos pola Asociación.

CAPÍTULO QUINTO **DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

Artigo 44º.- O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos. En todo caso o funcionamento interno da Asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO SEXTO **MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**

Artigo 45º.- Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou ¼ dos socios. A convocatoria da Asamblea Xeral extraordinaria estará acompañado do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 7 días para calquera socio/a poida dirixir á Secretaria as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asamblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.

Artigo 46º.- Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable dos 2/3 dos membros da Asamblea Xeral de Socios.

Artigo 47º.- A Asociación disolverase polas seguintes causas.

1. Pola vontade dos asociados/as acordada polas 2/3 partes dos mesmos/as.
2. Por outras causas determinadas legalmente.
3. Por sentenza xudicial.

Artigo 48º.- Acordada a disolución, a Asamblea Xeral extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o/a presidente e o/a Tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 49º.- O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra Asociación non lucrativa e inscrita na comunidade Autónoma que teña os mesmos ou similares fins ós desta Asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.

DILIXENCIA:

Don **José Manuel Maceiras Varela**, presidente e dona **Susana González da Silva**, secretaria da Asociación de familiares de enfermos de alzheimer e outras demncias.- AFAL FERROLTERRA fai constar que estes estatutos foron modificados en Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada en Ferrol o 16 de Xuño de 2016, de acordo cos requisitos establecidos na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e seguindo o procedemento previsto no Real decreto 949/2015 de 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións.


Na Cidade de Ferrol, a 30 de xuño do 2016

A secretaria



Asdo.: Susana González da Silva

O presidente



Asdo.: José Manuel Maceiras Varela